

## ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión extraordinaria do 31.01.2023

Sendo as nove horas e trinta minutos (09:30 h) do 31 de xaneiro de dous mil vinte e tres (2023), reúnese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión extraordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do **alcalde**, José Blas García Piñeiro, e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde David Santomil Mosquera, Genma Otero Uhía, Víctor Manuel Fernández Prieto, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Non asiste pero xustifica a súa ausencia a concelleira Luísa Feijóo Montero

Asiste a adxunta a intervención da Corporación, María Pardo Quintana

Actúa de **secretaria** a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

### A) EXPEDIENTES DE PERSOAL

#### PUNTO PRIMEIRO. APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PUBLICO DO CONCELLO DE AMES CORRESPONDENTE AO AÑO 2023. EXPEDIENTE GD 529/2023.

Con data 19.01.2023, foi publicado no BOP número 13 a aprobación definitiva do orzamento municipal 2023. Aprobado definitivamente e publicado o orzamento municipal procede aprobar a oferta de emprego publico, en cumprimento do previsto no artigo 204 da lei 2/2015 do 9 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG).

Figuran no expediente informe xurídico da técnica de Secretaría (datado o 25.01.2023) así como a certificación da Mesa Xeral de Negociación de data 30.01.2023, aprobando a oferta de emprego publico 2023 do Concello de Ames.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 1376/2021, BOP nº 75, do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro.** Aprobar a Oferta de Emprego Público (OEP) 2023 do Concello de Ames con arranxo o seguinte detalle:

#### 1. Quenda libre

Nº	DENOMINACIÓN	TIPO PERSOAL	ESCALA/SUBESCALA/ CLASE	GRUPO/ SUBGRUPO	OBSERVACIÓNS
1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	FUNCIONARIO	ADMINISTRACIÓN XERAL/AUXILIAR	C/C2	

Nº	DENOMINACIÓN	TIPO PERSOAL	ESCALA/SUBESCALA/ CLASE	GRUPO/ SUBGRUPO	OBSERVACIÓNS
1	OFICIAL DE OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS	LABORAL		C/C2	

## 2. Quenda de promoción interna

Nº	DENOMINACIÓN	TIPO PERSOAL	ESCALA/SUBESCALA/ CLASE	GRUPO/ SUBGRUPO	OBSERVACIÓNS
1	OFICIAL DA POLICÍA LOCAL	FUNCIONARIO	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL/SERVIZOS ESPECIAIS/POLICÍA LOCAL	C/C1	

**Segundo.** Publicar a oferta de emprego público (OEP) 2023 do Concello de Ames, no BOP, no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal.

**Terceiro.** Dar traslado á administración do Estado e da Comunidade Autónoma (CCAA) ós efectos oportunos.

**Cuarto.** Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Quinto.** Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

## B) EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN

### PUNTO SEGUNDO. SUSPENSIÓN DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE ADECUACIÓN DE NAVE EXISTENTE PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA ZONA DE LAVADO E LOCAIS ANEXOS AUXILIARES EN AVDA. DE MAIA Nº 22. BERTAMIRÁNS (AMES). PLAN AMES PROGRESA 2021- 2023. EXPEDIENTE GD 10531/2021.

A Xunta de Goberno Local do 27.05.2022 aprobou o expediente de licitación das obras de Adecuación de nave existente para a implantación dunha zona de lavado e locais anexos auxiliares en Avda. de Maia nº 22. Bertamiráns (Ames), Plan Ames Progresiva 2021-2023.

Tramitada a licitación, a Xunta de Goberno Local do 19.08.2022 adxudicou as obras á empresa ESQUEIRO, S.L.

A duración do contrato estableceuse en 8 semanas, a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do reformulo, salvo que existira reserva fundada que impedira o seu comenzo.

O contrato entre as partes asinouuse o día 08.09.2022 e a acta de reformulo o 21.09.2022 polo que o prazo de finalización das obras é o 16.11.2022.

Con data 03.11.2022, (r.e. 20408/2022), a empresa adxudicataria ESQUEIRO, S.L. presentou escrito solicitando unha ampliación do prazo de execución das obras ata o 22.12.2022 aducindo problemas e atrasos nas subministracións, modificacións e re-estudos das estruturas do proxecto e aparicións de goteiras no pechamento.

O director da obra, \*\*\*\*\* \*\*\*\*\*, informou con data do 09.11.2022 favorablemente a solicitude da empresa ao considerar que o atraso existente non é imputable ó contratista.

A Xunta de Goberno Local do 18.11.2022 autorizou expresamente a ampliación do prazo de execución solicitado pola empresa, en base ao informe emitido polo director da obra, \*\*\*\*\* \*\*\*\*\* en data 09.11.2022 e fixando como nova data limite para o remate da obra o 22.12.2022.

Con data do 16.12.2022 (r.e. 22897/2022), ten entrada por sede electrónica do Concello de Ames, a solicitude de autorización para a redacción do proxecto modificado nº1 da obra de Adecuación de nave existente para a implantación dunha zona de lavado e locais anexos auxiliares en Avda. de Maia Nº 22. Bertamiráns (Ames).

Con data do 21.12.2022, (r.e. 23164/2022), o contratista solicita unha segunda ampliación do prazo de execución da obra ata o 31.01.2023, para poder finalizar os traballos correspondentes ao proxecto inicial, que non se puideron realizar no tempo estipulado na planificación inicial, dados os atrasos producidos pola aparición de goteiras na cuberta. O director da obra, \*\*\*\*\* \*\*\*\*\* \*\*\*\*\* , con data do 22.12.2022 emite informe favorable a ampliación solicitada. Dita ampliación é aprobada o 26.12.2022, por Decreto da Alcaldía 4210/2022, sendo a nova data de finalización da obra o 31.01.2023.

Dado que o prazo de execución das obras remata en data 31.01.2022, e o proxecto modificado que o director de obra comunicou como necesario na súa solicitude de 16.12.2022 non ten aínda autorización do órgano de contratación, procede suspender temporalmente o prazo de execución da obra mentres se resolve dita solicitude de modificación do proxecto.

Figura no expediente informe conxunto da técnica de contratación e do arquitecto técnico municipal do Plan Ames Progresa 2021 – 2023, do 27.01.2023, favorable á paralización da obra por un prazo máximo de catro meses, prorrogables ata o máximo legal de 8, para a tramitación do proxecto modificado.

Figura no expediente informe proposta favorable da Secretaría xeral (27.01.2023), e informe de fiscalización tamén favorable á suspensión, da Intervención municipal (informe 22/2023 do 30.01.2023)

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno local, previa delegación do alcalde (decreto 1376/2021, BOP nº 75 do 23 de abril), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

**Primeiro. Suspender temporalmente** a execución do contrato de obras de adecuación da nave existente para a implantación dunha zona de lavado e locais anexos auxiliares en Avda. de Maia nº 22. Bertamiráns (Ames), Plan Ames Progresa 2021- 2023, cun límite máximo de 4 meses que poderían prorrogarse ata o máximo legal de 8 meses, para a valoración do proxecto modificado que se pretende aprobar. Unha vez acordada a suspensión levantarase acta no prazo máximo de 2 días hábiles que deberá ser asinada por un representante do órgano de contratación, o contratista e a Dirección de obra.

**Segundo. Aceptar a solicitude de redacción do proxecto modificado** solicitado, e iniciar o procedemento formal para a aprobación do mesmo.

**Terceiro.** Notificar o presente acordo aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados, tal e como esixe o artigo 88 da Lei 39/2015, do 15 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa.

**Cuarto.** Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais afectados aos efectos oportunos.

**Quinto.** Facultar ó alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás dez horas estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde  
José Blas García Piñeiro

A secretaria  
Rosa Ana Prada Queipo